

{+34} 981 56 97 40

Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña

info@comisiondatransparencia.gal

www.comisiondatransparencia.gal

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/07/2020 9:29:51

**SAIDA**


**7520/20**




Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 31/2020**

Correo electrónico: 

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista á reclamación presentada por  , mediante escrito do 20 de febreiro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de xuño de 2020, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 20 de febreiro de 2020 , unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Consellería de Sanidade do 13 de febreiro de 2020, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á información referente aos datos das listas de espera do Hospital Povisa para consultas externas e para probas, desagregados por servizos e tipos de probas, e referidos ao peche dos anos 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019.

O reclamante indicaba que solicitou os datos de lista de espera do Hospital Povisa para consultas externas e para probas, desagregados por servizos e tipos de probas, e referidos ao peche dos anos 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019, solicitude que foi inadmitida.

O reclamante alega que o Hospital Povisa atende a usuarios da sanidade pública como hospital de referencia en base a un concerto asinado no ano 2014 co Servizo Galego de Saúde. De acordo coa Lei 12/2013, de 9 de decembro, de garantías nas prestacións sanitarias, o Servizo Galego de Saúde facilita información semestral a través do seu portal web, sobre o número

de pacientes que figuran en espera e o tempo medio de acceso para os distintos procedementos realizados por cada unha das especialidades e desagregados por centro sanitario (intervencións cirúrxicas, consultas co especialista e probas desagregadas por especialidades). No caso de Povisa, o Sergas publica a lista de espera cirúrxica pero non a de consultas e probas.

Considera o reclamante que o Servicio Galego de Saúde debe dispoñer deses datos, dado que o concerto singular con Povisa tramitouse como contrato negociado, e nel se fixa que o incumprimento dos obxectivos fixados implica unha penalización para o hospital dentro da cantidade anual que percibe do Sergas. Para medir as penalizacións, o cumprimento dos obxectivos de lista de espera, supón o 50 %. Así mesmo no concerto, se establece que Povisa adoptará as medidas oportunas para a integración da información do rexistro de pacientes e da actividade asistencial do Servicio Galego de Saúde no sistema de información de xestión de pacientes corporativo do Servicio Galego de Saúde de forma paulatina ata ter rexistrada toda a actividade asistencial contratada, polo que o Servicio Galego de Saúde dispón dos datos diarios de lista de espera de Povisa para cirurxía, consultas e probas. O reclamante destaca que na solicitude de acceso á información, unicamente solicitou o dato do último día do ano. De feito, segundo o concerto, o Sergas fai anualmente unha avaliación sobre o cumprimento deses indicadores para decidir se Povisa percibe máis ou menos fondos públicos.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, da resolución e do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 28 de febreiro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 4 de marzo de 2020, sen que se recibise o informe e a copia do expediente solicitado

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta na reclamación, a resolución impugnada é de data 13 de febreiro e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 20 de Febreiro de 2020, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado solicitou os datos de lista de espera para consultas externas e para probas diagnósticas no Hospital Povisa (no que se refire á actividade concertada que este centro realiza para o Servizo Galego de Saúde), clasificados por servizo e tramos de espera, co número de pacientes en espera e co dato demora media, do mesmo xeito que se publican para os hospitais do Sergas, e referidos ao 31 de decembro dos anos 2015, 2016, 2017, 2018 e 2019, é dicir, o dato de listas de espera a último día do ano dende o 2015 a 2019.

A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, inadmite a solicitude por considerar que que incorre nun suposto de reelaboración e que pode considerarse abusiva xa que a información solicitada presenta complexidade tanto na extracción dos datos como seu posterior tratamento, non formando parte dos informes que se podan obter de maneira automatizada.

Son por tanto dúas causas as que a resolución cita, para inadmitir a solicitude de acceso, a necesidade de reelaboración e que a solicitude debe entenderse abusiva, sen que xustifique de xeito ningún, porque concorren estas causas de inadmisión no caso concreto.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo, entre outras a sentenza do 1547/2017, establece a necesidade de interpretar de xeito restritivo as excepcións legais ao acceso á información contempladas no artigo 18, e debe partirse da premisa de que o dereito de acceso á información aparece configurado no noso ordenamento cunha formulación ampla, de xeito que só son aceptables as limitacións que resulten xustificadas e proporcionadas.

Respecto do concepto de reelaboración, o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno pronunciouse en numerosas ocasións e a interpretación que realiza da dita dicha causa de inadmisión quedou recollido no criterio interpretativo 7/2015 no que se establece que o concepto de reelaboración, debe entenderse desde o punto de vista literal que reelaborar é volver elaborar algo, e é esta circunstancia a que é esixible para entender que estamos ante un suposto de reelaboración.

O concepto de reelaboración como causa de inadmisión pode entenderse aplicable cando a información que se solicita, pertencendo ao ámbito funcional de actuación do organismo ou entidade que recibe a solicitude, deba elaborarse expresamente para dar unha resposta, facendo uso de diversas fontes de información, ou cando o citado organismo ou entidade careza dos medios técnicos que sexan necesarios para extraer e explotar a información concreta que se solicita, resultando imposible proporcionar a información solicitada.

Unha solicitude podería entenderse como abusiva se o reclamante a repite no tempo sen verdadeiras posibilidades de prosperar, debido a que coñece de antemán o sentido da resolución que a Administración vai tomar, aquela petición realizada de mala fe, cuxa única intención é colapsar os servizos administrativos ou dificultar o seu normal funcionamento ou a petición de información cuxo contido xa se atope previamente en poder do reclamante.

A aplicación de toda causa de inadmisión e, concretamente por ser o obxecto da presente reclamación, as reguladas no artigo 18. 1 c) e e), debe quedar debidamente motivada na resolución pola que se responda á solicitude de información presentada. No presente caso, a resolución ditada pola Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade carece de toda motivación relativa á aplicación das indicadas causas de inadmisión, máis alá da simple mención de que considera que son de aplicación.

A dita Secretaria non remitiu a copia do expediente e o informe sobre a reclamación solicitado por esta Comisión, o que obriga a continuar a tramitación do expediente sen os seus argumentos.

Proporcionar os datos de lista de espera para consultas externas e para probas diagnósticas da actividade dun hospital co que o Servicio Galego de Saúde ten concertadas prestacións sanitarias a último día de ano, é un dato que o Servicio Galego de Saúde debe ter, tendo en conta como refire o solicitante, que no concerto, un dos criterios para determinar o

cumprimento dos obxectivos fixados (e determinar, de ser o caso, as penalizacións que procedan), é o cumprimento dos obxectivos de listas de espera. Ademais, se contempla dende o primeiro concerto do ano o 2014, a integración da información do rexistro de pacientes e da actividade asistencial da dita entidade no sistema de información de xestión de pacientes corporativo do Servizo Galego de Saúde de forma paulatina ata ter rexistrada toda a actividade asistencial contratada.

De acordo co anterior, ao non estar acreditado no expediente a existencia das causas de inadmisión polas que se inadmitiu a solicitude de acceso á información, referida a os datos de lista de espera para consultas externas e para probas diagnósticas do referido hospital a data de 31 de decembro dos anos 2015 a 2019, procede a estimación da reclamación presentada.

Debe lembrarse á Consellería de Sanidade, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de facilitar á Comisión a información que se lle solicite para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## **ACORDA**

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por ██████████ con data do 20 de febreiro de 2020, contra a Resolución da Consellería de Sanidade do 13 de febreiro de 2020, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á información referente aos datos das listas de espera do Hospital Povisa a 31 de decembro dos anos 2015 a 2019.

**Segundo:** Instar a Consellería de Sanidade, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Consellería de Sanidade, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no

artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA  
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)  
Fecha: 2020.07.01 12:16:06 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**